

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Diferenciar entre seres vivos e obxectos inertes, así como recoñecer as características básicas dos seres vivos.	Observa e identifica diferentes formas de vida e expón de forma clara as diferenzas entre seres vivos e obxectos inertes.
Identificar as partes dunha planta.	Recoñece a estrutura das plantas e identifica as súas partes e a súa función.
Recoñecer e clasificar con criterios elementales as plantas , atendendo ás súas características.	Observa e identifica as características que diferencian os tipos de plantas (árbores, arbustos e herbas).
Clasificar as árbores aplicando as informacións obtidas por diversos medios.	Diferencia árbores de folla caduca e de folla perenne.
Comprender a diferenza entre animais herbívoros, carnívoros e omnívoros así como o medio en que viven.	Diferencia animais herbívoros, carnívoros e omnívoros atendendo á súa alimentación.
Diferenciar entre animais vertebrados e invertebrados e os cinco grupos de vertebrados.	Diferencia animais vertebrados e invertebrados atendendo ás súas características.
Mostrar interese e respecto cara aos seres vivos.	Mostra conductas de respecto e coidado cara ós seres vivos.
Comunicar de forma escrita os resultados das súas investigacións e consultas presentándoos con apoios gráficos.	Emprega de maneira adecuada o vocabulario correspondente na comunicación escrita dos resultados das súas investigacións.
Obter información relevante a partir da consulta de fontes básicas e comunicando os resultados.	Busca información, de maneira guiada, sobre aspectos dun determinado animal.
Identificar as principais partes do corpo.	Recoñece e nomea as principais partes do corpo.
Identificar os cinco sentidos e relacionalos cos seus órganos.	Identifica os cinco sentidos e os seus órganos correspondentes e recoñece as sensacións que se perciben a través deles.
Coñecer os principais ósos e músculos do corpo e identificalos co aparello locomotor.	Identifica e nomea os principais ósos e músculos do corpo.

Coñecer a frecuencia de consumo dos alimentos para ter unha dieta saudable.	Clasifica os alimentos segundo a súa orixe e a súa achega á dieta e aplicar a información da pirámide ao deseño de dietas equilibradas.
Mostrar interese polo coidado e mantemento da súa saúde reflexionando sobre a súa alimentación e a práctica do exercicio físico.	Coñece diferentes deportes e sabe que medidas de precaución se deben seguir para practicalos de xeito correcto.
Realizar un proxecto e presentar un informe.	Presenta os traballos de forma limpa e ordenada.
Coñecer e valorar a relación entre o benestar e a identificación das súas emocións e as dos outros.	Recoñece e identifica as emocións e sentimentos propios e alleos e manifesta conductas empáticas.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos: Observación continua e individualizada dos traballos realizados na casa e o feito ao longo do curso.</p> <p>Exercicios específicos asociados aos diversos obxectivos programados.</p> <p>Revisión, análise e comentarios das actividades e tarefas realizadas na casa.</p> <p>Evaluación cualitativa, é dicir, centrada no proceso de aprendizaxe e non unicamente resultado.</p>
	<p>Instrumentos: Grao de utilización da páxina web.</p> <p>Observación dos titores sobre a evolución dos seus fillos.</p> <p>Resolución de exercicios.</p> <p>Observación de acertos e erros nas actividades propostas.</p> <p>Capacidade de autoavaliación.</p> <p>Análise das producións do alumnado (resumo, textos escritos, traballos de aplicación e sínteses...)</p>
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>Emprego a 1ª e a 2ª avaliación como avaliación diagnóstica, é dicir, previa á 3ª que terá que adaptarse ou axustarse ás condicións pedagóxicas ao servizo da aprendizaxe do alumnado.</p> <p>Posto que o terceiro trimestre é un repaso dos dous trimestres anteriores, a cualificación final obterase de calcular a nota media da 1ª e a 2ª avaliación.</p>
Proba extraordinaria de setembro	
Avaliación de materia pendentas	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p>Actividades</p>	<p>Describir e debuxar flores do seu contorno. Fases de crecemento dunha planta. Partes dunha planta.. Debuxar e explicar as diferencias entre árbores, arbustos e herbas.. Actividades sobre pradarias, bosques e desertos. Estudo e informe sobre un animal escollido polo alumno. Recollida de información de diferentes fontes. Debuxar emoticonas para plasmar sentimentos e emocións. Sinalar ósos e músculos nun debuxo.Facer corresponder os sentidos e os órganos correspondentes. Analizar un alimento que teñan na casa(orixe, posición na pirámide, caducidade ou data de consumo preferente, forma de conservalo e consumilo...) Escribir un texto e facer un cómic para explicar como volver a estar sano cando un está enfermo. Lísta de consellos para ter boa saúde.</p>
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):</p>	<p>Empregarei materiais, recursos e actividades accesibles. Partiremos dos coñecementos previos do alumnado. Se favorecerá o uso de tecnoloxías de información e comunicación. Se procurará a realización de proxectos que impliquen ás familias. Os temas que surxan do entorno responderán aos intereses do alumnado. Levaranse a cabo actividades de observación, asociación e expresión.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado. Páxina web do colexio. Dirección de e-mail.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.